



# **Plan estratéxico da PAC 2023-2027**

## **GUIA PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS RELATIVAS AS INTERVENCIÓNS AMBIENTAIS E CLIMÁTICAS (V2025.01)**

## **NOTA IMPORTANTE**

O presente documento carece por completo de natureza normativa e constitúe unicamente un instrumento informativo para facilitar o traballo das entidades colaboradoras e as entidades de aconsellamento.

En ningún caso é hábil para constituír o fundamento xurídico de actuacións e resolucións administrativas que puideran afectar, en calquera sentido, aos dereitos e intereses das partes implicadas; trátase de interesados ou administracións públicas. Calquera actuación administrativa deberá ser levada a cabo aplicando a normativa autonómica, estatal ou comunitaria correspondente.

Como tal documento informativo será obxecto das revisións oportunas en caso de erros ou omisións.

## Normativa:

ORDE do 25 de febreiro de 2025 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 44, do 5 de marzo).

ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se definen as penalizacións por incumprimento dos requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas as intervencións ambientais e climáticas, dos deberes da condicionalidade reforzada do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada. (derroga a orde do 3 de xullo de 2023). (DOG núm. 37, do 24 de febreiro)

ORDE do 2 de maio de 2024 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

ORDE do 27 de febreiro de 2024 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 49, do 8 de marzo).

ORDE do 29 de maio de 2023 pola que se modifica a Orde do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 101, do 30 de maio).

ORDE do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (DOG núm. 55, do 20 de marzo).

## Introdución. O novo período de programación 2023-2027.

A nova PAC céntrase nunha política de *reverdecemento*, cun claro enfoque ambiental, centrada no rendemento e a obtención de resultados para os retos de abastecer de alimentos á poboación europea a un prezo razoable e coa máxima calidade, pero asegurando que os recursos estarán dispoñibles para xeracións futuras. Isto, segundo a lexislación europea e española, faise alcanzando uns obxectivos *xerais* e outros *específicos*, recollidos nos Regulamentos europeos da PAC e nos Reais Decretos españois, concretándose no Plan Estratéxico Español da PAC, coñecido como PEPAC.

Durante o período 2023-2027, a PAC artículase ao redor de dez obxectivos clave, orientados a fins sociais, ambientais e económicos. Estes obxectivos foron a base sobre a que os países da UE deseñaron os seus plans estratéxicos.

Por primeira vez cóntase cunha estratexia única, o Plan Estratéxico da PAC, que abarque todas as intervencións da PAC, o que implica unha maior coherencia entre as mesmas. Ademais, nesta reforma outorgouse maior flexibilidade para adaptar as medidas da PAC ás particularidades nacionais e rexionais dos Estados membros. O Plan Estratéxico da PAC de España inclúe as intervencións ou medidas que se aplicarán en 2023-2027 para alcanzar os obxectivos da PAC e a ambición do Pacto Verde Europeo. Entre elas, atópanse as axudas relativas as intervencións medioambientais e climáticas obxecto desta norma complementaria.

O 31 de agosto de 2022 a Comisión Europea aprobou o Plan Estratéxico da PAC de España, sendo un dos primeiros Estados membros en lograr dita aprobación. Con posterioridade, o 30 de agosto de 2023, a Comisión aprobou a primeira modificación do Plan estratéxico. O 17 de xullo de 2024 presentouse a segunda proposta de modificación do PEPAC cun conxunto de medidas que supoñen unha importante simplificación e flexibilización da PAC en aspectos fundamentais como a condicionalidade reforzada, os ecorrexímenes e as intervencións de desenvolvemento rural. Con data de 30 de agosto de 2024, a Comisión aprobou esta modificación do PEPAC, que é a actualmente vixente. (versión 3.3)

### A.- Elementos comúns. Criterios de admisibilidade.

#### A.1.-Tipos de solicitudes.

Na orde de convocatoria das axudas PAC 2025 recóllense os elementos comúns das distintas intervencións ambientais e climáticas do PEPAC 2023-2027, así como os requisitos que deberán cumprir tanto as persoas beneficiarias que presenten solicitudes de pagamento vinculadas a compromisos aprobados e iniciados ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2023, como as persoas solicitantes de ditas axudas que inicien os seus compromisos na campaña 2025.

Os compromisos contraeranse por un período de 5 anos, non sendo posible incrementar o número de unidades comprometidas: superficies, animais ou colmeas. As persoas beneficiarias deberán presentar anualmente unha solicitude de pagamento da axuda.

Non poderán acollerse as axudas aquelas persoas beneficiarias ás que se lles declarou e se lles resolveu a perda de dereito das axudas concedidas segundo a resolución de 15 de xaneiro de 2024, *pola que se publicaba a relación de superficies aprobadas e denegadas das axudas relativas as intervencións medioambientais e climáticas.*

## A.2.- Liñas de base e condicionalidade.

As persoas beneficiarias das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (en diante, PEPAC) deberán observar as obrigas e requisitos da condicionalidade reforzada e da condicionalidade social definidas respectivamente, nos títulos I e II do Real decreto 1049/2022 polo que se establecen as normas para a aplicación da condicionalidade reforzada e da condicionalidade social que deben cumprir as persoas beneficiarias das axudas no marco da Política Agrícola Común que reciban pagos directos, determinados pagos anuais de desenvolvemento rural e do Programa de Opcións Específicas pola Distancia e a Insularidade (POSEI).

A orde do 12 de febreiro de 2025 *pola que se definen as penalizacións por incumprimento dos requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, das obrigas da condicionalidade reforzada do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada* (DOG núm. 37, do 24 de febreiro), recolle as obrigas concretas de condicionalidade reforzada así como os criterios da avaliación da gravidade, alcance e persistencia no caso de incumprimento das mesmas. Todas as intervencións ambientais e climáticas do PEPAC 2023-2027 establecidas no ámbito do sistema integrado veranse afectadas polas penalizacións que sexan determinadas polo incumprimento da condicionalidade reforzada.

Serán de aplicación na xestión das intervencións do PEPAC 2023-2027 as flexibilidades que se contemplan na respectiva orde de convocatoria así como as modificacións anuais do Plan Estratéxico da PAC que sexan de aplicación unha vez aprobadas por parte da Comisión Europea.

Deberán respectarse, en todo caso, as relacións entre os requisitos e compromisos de cada unha das intervencións coa condicionalidade reforzada. Estas relacións aparecen recollidas no Informe sobre o plan estratéxico da PAC e resúmense nas seguintes:



	6503	6501.2	65013	65014	65051
BCAM 1					
BCAM 2					
BCAM 3					
BCAM 4					
BCAM 5					
BCAM 6					
BCAM 7					
BCAM 8					
BCAM 9					
BCAM 10					
RLG1					
RLG2					
RLG3					
RLG4					
RLG5					
RLG6					
RLG7					
RLG8					
RLG14					
RLG15					
RLG16					

### A.3.- Requisito de aconsellamento e/ou formación.

#### A.3.1.- Aconsellamento específico

A persoa beneficiaria destas axudas debe recibir o servizo de asesoramento específico dunha entidade inscrita no RESAXEGA antes do 01/01/2025. Dito aconsellamento debe ser recibido pola persoa beneficiaria dende o inicio do ano en curso (dende o 01/01/2025 para esta campaña) ata o 31 de decembro do mesmo.

O incumprimento deste requisito levará consigo a correspondente aplicación, á persoa beneficiaria das axudas, das **penalizacións** recollidas na orde do 12 de febreiro de 2025 *pola que se definen as penalizacións por incumprimento dos requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, das obrigas da condicionalidade reforzada do PEPAC 2023-2027 e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada*, e no caso de ser solicitante a **denegación** da mesma.

As entidades de aconsellamento están obrigadas á presentar do Anexo VI da orde do 25 de febreiro de 2025, antes do 31 de xullo de cada ano. Nel especificarán, entre outros datos, o NIF e a razón social ou nome e apelidos das persoas solicitantes ós que prestan o servizo e o NIF e nome e apelidos do/s técnico/s que

fan o asesoramento durante a campaña vixente. No caso de haber algún cambio (alta ou baixa de aconsellados ou técnicos) tamén deberá ser comunicado ó Fogga a maior brevidade posible, e sempre antes do 30 de setembro de cada ano.

No caso de persoas **beneficiarias incluídas na correspondente mostra de control de campo**, verificarase que o aconsellamento prestado sexa “efectivo”, isto significa que:

- A persoa beneficiaria deberá ter o **caderno de explotación dispoñible** no momento do control de campo para que os controladores verifiquen o seu contido. No caso de empregar o caderno electrónico, a persoa beneficiaria deberá ter a disposición un ordenador, conexión a internet, impresora ou outros medios auxiliares, para que o controlador poda verificar os datos e obter unha copia do mesmo no momento da inspección.
- Este caderno disporá do contido mínimo indicado no portal da nova PAC, na seguinte ligazón:

[https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod\\_resource/content/20/PEPAC%2023-27/caderno\\_de\\_explotacion.html](https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod_resource/content/20/PEPAC%2023-27/caderno_de_explotacion.html).

- O caderno debe **estar actualizado**. Isto significa que o caderno e/ou os restantes medios de proba (actas de visita da entidade de aconsellamento, facturas,...) deben evidenciar as visitas dos técnicos á explotación **dun xeito periódico**, que abranguen momentos críticos ou significativos en canto á orientación da explotación, por exemplo: nas apícolas en primavera e tras a esmelga e nas gandeiras unha por trimestre. En resumo, deberán evidenciarse que os técnicos visitaron as explotacións e os motivos da visita (inicial, seguimento, colleita, asesoramento condicionalidade, comprobación de melloras implementadas,...).
- Os documentos de proba (caderno, actas de visita da entidade, ...) porán en evidencia, no caso de detectar algunha incidencia nalgún compromiso ou na condicionalidade, que a persoa beneficiaria foi informada/formada na materia onde se detecta a incidencia, polo que, de chegar a producirse un incumprimento nalgunha obriga, non sexa causa dunha ausencia ou deficiencia no servizo de aconsellamento prestado.

Os documentos de proba reflectiran o aconsellamento ó longo de todo o ano (dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro). No caso de persoas beneficiarias incluídas na mostra de control de campo, estarán obrigadas a presentar no Servicio territorial do Fogga do caderno completo (cos datos dende o 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano en curso) **antes do 31 de xaneiro do ano seguinte**, que permitan verificar inequivocamente o cumprimento dos compromisos ó longo de todo o ano, así como calquera outra documentación complementaria que lle sexa solicitada para o mesmo fin (actas de visita, facturas,...). No caso de que as persoas beneficiarias *cambien de entidade de aconsellamento no transcurso da campaña* se verificará que percibe un servizo continuado durante todo o ano. A persoa solicitante de aconsellamento deberá indicar a data de baixa na entidade inicial e a data de alta na nova entidade

de aconsellamento. Dita información deberá de ser ratificada polas entidades de asesoramento afectadas. Terase en conta os cambios de entidade de aconsellamento comunicados polos interesados ou que consten por calquera outro medio.

O incumprimento de recibir “aconsellamento efectivo” implicará á exclusión da concesión da axuda do solicitante ou a penalización do 100% para a persoa beneficiaria que se lle tivera aprobado os compromisos correspondentes.

No caso de impedimento na realización do control por causas atribuíbles á persoa beneficiaria, procederase a rexeitar a axuda que fose obxecto de control.

Tras o exame in situ ou en gabinete do caderno de explotación, poderase requirir os solicitantes ou ás persoas beneficiarias destas axudas que emenden o mesmo, naqueles puntos que se estimen necesarios, como por exemplo, definición das unidades homoxéneas de cultivo (UHC)<sup>1</sup>, plan de accións para corrección de incidencias detectadas, etc.

Non se procederá ó pagamento das axudas que correspondan ata que ditas emendas sexan aplicadas.

**Serán necesarias 4 visitas á explotación durante o ano natural para a correcta xustificación do servizo prestado pola entidade, excepto para as explotacións apícolas e agrícolas puras que serán necesarias 2 visitas.**

### [A.3.2.- Formación agroambiental](#)

As persoas solicitantes das axudas agroambientais e climáticas que NON dispoñan dunha entidade de aconsellamento deberán realizar obrigatoriamente a formación establecida no portal da nova PAC, na seguinte ligazón:

[https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod\\_resource/content/20/PEPAC%2023-27/formacin\\_especifica.html](https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod_resource/content/20/PEPAC%2023-27/formacin_especifica.html)

Tamén poderá solicitar a formación específica calquera persoa solicitante da PAC na campaña en curso, tamén as persoas solicitantes con entidade de aconsellamento que así o desexen.

---

<sup>1</sup> Se define UHC como a superficie constituída por un conxunto de parcelas/recintos definidas pola persoa solicitante e/ou o técnico responsable do programa ao inicio da campaña, na que se aplican operacións culturais ou técnicas de cultivo/aproveitamento similares, existindo tantas UHC como sexa preciso. Na súa definición terase en consideración que se crearán para: un determinado cultivo, por un mesmo titular e empregando o mesmo sistema de explotación.

O obxectivo da súa definición e o de facilitar a cumplimentación do caderno de explotación empregando entidades que superan os límites dos recintos SIXPAC. As UHC non son xeometrías estables no tempo senón unha opción para facilitar a xestión das operacións de cultivo que deben de recollese no caderno de explotación.



A solicitude de formación específica se realizará remitindo o nome e apelidos da persoa solicitante do curso, NIF, correo electrónico e número de solicitude única da PAC da campaña vixente o seguinte enderezo electrónico: [sac.fogga@xunta.gal](mailto:sac.fogga@xunta.gal). No asunto do e-mail deberase especificar: “Formación agroambientais”.

O prazo de solicitude iniciárase o 30 de abril e finalizará o 31 de maio de cada campaña, coincidente co fin de prazo de modificación da solicitude única.

No procedemento de admisión ao curso, establecerase a seguinte orde de preferencia:

- Persoas beneficiarias das axudas relativas as intervencións medioambientais e climáticas do PEPAC 2023-2027 que non dispoñan de entidade de asesoramento segundo figura na SU da campaña vixente.
- As persoas beneficiarias das axudas relativas as intervencións agroambientais e climáticas do PEPAC 2023-2027 que si dispoñan de entidade de asesoramento na campaña vixente.
- Os restantes solicitantes, por orde de entrada da solicitude de formación a través do correo [sac.fogga@xunta.gal](mailto:sac.fogga@xunta.gal)

O proceso de matriculación está dirixido a persoas físicas, de modo que no caso de persoas xurídicas é obrigatorio certificar a vinculación da sociedade coa persoa que vai realizar o curso.

Para acadar unha avaliación positiva do curso débense cumprir os criterios de avaliación establecidos na plataforma de formación e superar a proba final. A proba de avaliación consistirá nun cuestionario de 30 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só unha delas é válida. Para superalo deberá de dar resposta correcta alomenos ao 50% das preguntas.

No caso de que non se supere a proba de avaliación poderá ser de aplicación a correspondente penalización recollida na orde do 12 de febreiro de 2025 *pola que se definen as penalizacións por incumprimento dos requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, das obrigas da condicionalidade reforzada do PEPAC 2023-2027 e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada.*

#### [A.4. Caderno de explotación.](#)

As persoas solicitantes, titulares de explotacións agrarias, deberán de contar cun caderno de explotación. Poderán optar por xestionar electrónicamente un caderno dixital de explotación ou optar polo soporte en papel. En ámbolos dous casos, o contido mínimo será o indicado no portal da nova PAC, na seguinte ligazón:

[https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod\\_resource/content/20/PEPAC%2023-27/caderno\\_de\\_explotacion.html](https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod_resource/content/20/PEPAC%2023-27/caderno_de_explotacion.html)

Os titulares das explotacións serán os responsables da veracidade dos datos e/ou da información que proporcionen e rexistren no mesmo. O caderno deberá estar actualizado e contará coa documentación complementaria que se indica no apartado de “Documentación a conservar xunto co caderno de explotación” na ligazón anterior.

#### A.5.- Lodos de depuradora.

As persoas beneficiarias das axudas ambientais e climáticas non poderán aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da súa explotación.

O control deste requisito de admisibilidade farase tanto a nivel de persoa solicitante/beneficiaria (NIF/CIF) como a nivel de parcelas (recintos autorizados para aplicar lodos).

Se a persoa solicitante/beneficiaria ou os recintos declarados constaran dados de alta como autorizados no Rexistro Nacional de Lodos, considerase incumprido este requisito o que implicará a denegación de todas as axudas solicitadas

#### A.6.- Carga gandeira.

Para o cómputo da carga gandeira da explotación terase en conta:

- Unidades de Gando Maior (UGM): utilizarase un valor medio calculado a partir dos censos gandeiros das especies de bovino, equino, ovino, cabrún ou porcino presentes na explotación nun día do mes, escollido aleatoriamente, e en seis datas, entre xaneiro e xuño do ano de solicitude. Os censos obteranse do Sistema Integral de Trazabilidade animal (SITRAN).

No caso de existir un control sobre o terreo, que se fará na segunda metade do ano, o conteo de animais empregárase para verificar a coherencia cos censos utilizados para o cálculo do valor promedio.

Considerarase que o conteo é coherente se está dentro do rango definido polos 6 censos que tomamos para o cálculo do valor promedio. En caso contrario:

- » Se o conteo é superior, entón cambiarase polo valor máis elevado dos 6 considerados e logo determinarase as UGM medias.
- » Se o conteo é inferior, entón cambiarase polo valor máis baixo dos 6 considerados e logo determinarase as UGM medias.

As oscilacións nos censos gandeiros que poidan producirse deberán ser consecuencia da xestión normal da explotación (morte, sacrificio, etc.). A nova carga gandeira calculada quedará, en todo caso, dentro do rango establecido para a intervención/subintervención para a que se adquiriu ó compromiso. En caso de incumprimento serán de aplicación as penalizacións establecidas na orde do 12 de febreiro de 2025 *polo que se definen as penalizacións por incumprimento dos*

*requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas as intervencións ambientais e climáticas, dos deberes da condicionalidade reforzada do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.*

O número de animais converteranse a UGM empregando as equivalencias establecidas no Real Decreto 1048/2022 sobre a aplicación, a partir de 2023, das intervencións en forma de pagos directos e o establecemento de requisitos comúns no marco do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e a regulación da solicitude única do sistema integrado de xestión e control, a excepción da subintervención de razas gandeiras autóctonas<sup>2</sup>.

Bovinos	De menos de 1 ano	0,400
	Dun ano a menos de 2 anos	0,700
	Machos, de 2 anos ou máis	1,000
	Novillas, de 2 anos ou máis	0,800
	Vacas de aptitude láctea, de 2 anos ou máis	1,000
	Outras vacas, de 2 anos ou máis	0,800
Ovinos e caprinos		0,100
Equinos		0,800
Porcinos	Leitóns > 20 Kg de peso vivo	0,027
	Porcas de cría >50 Kg	0,500
	Outros porcos	0,300

Se a persoa solicitante se incorpora á actividade agraria e non existen datos no período de cálculo indicado, farase a media cos datos que existan dentro do período definido, aínda que non se completen as seis datas.

- Superficie forraxeira da explotación. A partir da campaña 2023 se considera que teñen aproveitamento forraxeiro só aqueles cultivos/aproveitamentos que leven **implícito o pastoreo**. Computarase como tal a superficie forraxeira de cultivo dos recintos (incluídos os de aproveitamento comunal) con produtos pertencentes a agrupación “pastos permanentes”, recintos con produto da agrupación de “herbas e outros forraxes herbáceos”, e recintos con aproveitamento de TA e aproveitamentos susceptibles de pastoreo: “subprodutos pastables”.

**Considéranse, polo tanto, superficies forraxeiras da explotación aquelas que sexan susceptibles de aproveitamento a dente polos animais.** No caso de facer transhumancia deberán declararse todas as superficies de pastos para o período de transhumancia, incluídas as de fóra de Galicia.

Os produtos declarativos que computan para o cálculo da superficie forraxeira son os seguintes:

<sup>2</sup> As equivalencias a UGM calcularanse segundo o establecido no Regulamento (UE)2021/2115.

Cód. Produto	Produto
62	PASTOS PERMANENTES
63	PASTOS de menos de 5 anos
68	FESTUCA
69	RAYGRAS PERENNE ( <i>Lolium perenne L. X boucheanum Kunth.</i> )
70	AGROSTIS
71	ARRHENATHERUM
72	DACTILO
73	FLEO
74	POA
78	RAYGRAS ANUAL ( <i>Lolium multiflorum LAM. and hybrids</i> )
139	HERBA CINTA
140	ABACA alias Manila
141	KENAF
247	CULTIVOS MIXTOS DE ESPECIES PRATENSES

O cálculo da carga gandeira será o resultante de dividir o promedio das UGM da explotación entre a superficie forraxeira da mesma e deberá quedar dentro do rango de 0,4-2 UGM/ha para as intervencións agroambientais e climáticas, onde a carga gandeira sexa un compromiso, e maior ou igual a 0,4 e non superior a 2 UGM/ha na subintervención de Gandaría ecolóxica. A carga gandeira estará calculada para a totalidade da superficie da explotación, non só cos recintos marcados para a/s liña/s de axuda.

#### A.7.- Alcance da verificación do cumprimento dos requisitos, compromisos ou outras obrigas.

Os requisitos verificables a través de superficies (non aplicación de lodos de depuradora) e as liñas de base verificaranse en **todas as parcelas da explotación**, non só na superficie comprometida (superficie ligada a pago).

Todos os requisitos de admisibilidade e os compromisos consideraranse como causa de exclusión para a aprobación inicial da axuda (ano de inicio do compromiso plurianual). Polo que respecta ao pagamento da axuda terase en conta a tipificación exposta na orde do 12 de febreiro de 2025 *pola que se definen as penalizacións por incumprimento dos requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, das obrigas da condicionalidade reforzada do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada*, de xeito que no caso de incumprimento aplicárase no pago da axuda solicitada a penalización correspondente.

#### A.8.- Renuncia ás axudas.

As persoas solicitantes destas axudas poderán desistir da súa solicitude en calquera momento anterior á resolución das mesmas.

No suposto de renuncia á axuda concedida posterior ao pagamento da mesma procederase a tramitar un procedemento declarativo de reintegro e, se se trata de axudas plurianuais, a tramitar un expediente de perda de dereito ao cobro.

Permítese, previa comunicación ao Fogga, a devolución voluntaria dos pagamentos utilizando o modelo da web do Fogga:

[https://fogga.xunta.gal/gl/pac/pac\\_2023\\_2027/pac\\_2025](https://fogga.xunta.gal/gl/pac/pac_2023_2027/pac_2025)

#### A.9.- Cesións de explotacións.

Na orde de convocatoria anual se contempla as condicións nas que debe de realizarse a cesión das axudas con cesión da explotación (MR239G). Entenderase por:

- » Cedente: A persoa beneficiaria que cede a explotación a outra.
- » Cesionario: A persoa beneficiaria a quen se lle cede a explotación.
- » Cesión dunha explotación: venda, arrendamento ou calquera tipo de transacción similar das unidades de produción.

Cando unha explotación sexa cedida por unha persoa beneficiaria a outra, as axudas solicitadas pola persoa cedente concederanse á persoa cesionaria sempre que:

- A persoa cedente presente, despois da data de fin de prazo de presentación da SU e ata o **15 de setembro** incluído, unha comunicación, segundo modelo do anexo III da orde do 25 de febreiro de 2025, dirixida á persoa titular da Dirección do Fogga. Esta comunicación presentarase obrigatoriamente a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (procedemento MR239G).
- E se cumpran todas as condicións para a concesión e/ou pagamento da axuda respecto da explotación cedida.

Xunto con esta comunicación a persoa cedente deberá presentar a documentación indicada no devandito anexo, é dicir: acordo de cesión de axudas asinado entre as persoas cedente e cesionaria (anexo III-A), documento de cambio de titularidade da/s explotación/s cedidas a persoa cesionaria e o documento de autorización de sinatura, de ser o caso.



**A PERSOA CEDENTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que presentou a solicitude única de axudas PAC/DR da campaña 2025.
2. Que a/as explotación/ons indicada/s foi/foron transferida/s na súa totalidade á persoa cesionaria mediante venda/arrendamento ou outra forma de transacción na data  .
3. Que renuncia a percibir as axudas da PAC/DR da campaña 2025 relacionada/s coa/s explotación/ións cedida/s.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- |                          |  |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Acordo de cesión de axudas asinado entre as persoas cedente e cesionaria. Anexo III-A. |
| <input type="checkbox"/> | Documento de cambio de titularidade da/as explotación/s cedida/s á persoa cesionaria.  |
| <input type="checkbox"/> | Documento/s de autorización de sinatura.   |

Especificamente, no caso das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do PEPAC, todos os compromisos adquiridos pola persoa cedente serán transferidos á persoa cesionaria, que se subroga nas obrigas relacionadas co seu cumprimento.

A concesión da axuda á persoa cesionaria estará supeditada á transferencia e a comprobación dos compromisos da explotación. Ademais todas as actuacións necesarias para a concesión da axuda e todas as declaracións realizadas pola persoa cedente antes da cesión serán asignadas á persoa cesionaria aos efectos da aplicación da normativa pertinente da Unión Europea.

**NON** se admitirán transferencias parciais de compromisos ligadas a cesións dunha parte da explotación, quedando unicamente contempladas as cesións totais de compromisos ligadas a cambios de titularidade das explotacións. Se verificará que o cambio de titularidade da explotación teña asociado a transmisión de terras e gando procedentes da persoa cedente.

Se a solicitude de cesión das axudas por cesión da explotación é **posterior ao 15 de setembro**, será a persoa cedente a que perciba o importe da axuda.

Tanto se a cesión da explotación se produce antes do 15 de setembro como se se produce despois desa data, é obrigatorio que na aplicación de "SGA cap", na campaña seguinte a terse producida a cesión, se tramite o documento de autorización por subrogación/cesión de compromisos. Tamén será imprescindible este tramite cando a cesión da explotación se realice polo falecemento do anterior titular. Neste caso deberase presentar a documentación xustificativa necesaria e admitida en dereito deste feito, así como a documentación acreditativa da nova titularidade.

#### [A.10.- Criterios para a concesión das axudas e verificación de requisitos de elexibilidade](#)

No caso de que os importes das solicitudes admisibles superen as disponibilidades orzamentarias aplicarase o sistema de rateo, de acordo co previsto no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A axuda proposta, calculada como resultado do rateo sinalado no punto anterior, terá como límite inferior o 60 % do importe máximo a percibir. En consecuencia, se, unha vez aplicado o rateo, o importe resultante fose inferior ao 60 % do dito importe máximo, a axuda proposta para cada solicitante fixarase no umbral indicado do 60 % e, para determinar os solicitantes que perciben a axuda, serán de aplicación os seguintes criterios de priorización ambientais, aplicados a cada intervención ou subintervención:

- a) Persoas solicitantes cuxas explotacións teñan superficie, animais e/ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en zonas declaradas como Rede Natura 2000. A puntuación calcularase ao multiplicar a porcentaxe da superficie da explotación situada en **Rede Natura 2000** con respecto á totalidade da superficie da explotación, pola puntuación máxima asignada a este criterio. Puntuación máxima 2 puntos.
- b) Persoas solicitantes cuxas explotacións teñan superficie, animais e/ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en zonas declaradas como **pastos ambientalmente sensibles**. A puntuación calcularase ao multiplicar a porcentaxe da superficie da explotación situada en pastos ambientalmente sensibles con respecto á totalidade da superficie da explotación, pola puntuación máxima asignada a este criterio. Puntuación máxima 2 puntos.
- c) Persoas solicitantes cuxas explotacións teñan superficie, animais e/ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en zonas declaradas como **ZLN de montaña**. A puntuación calcularase ao multiplicar a porcentaxe da superficie da explotación situada en ZLN de montaña con respecto á totalidade da superficie da explotación, pola puntuación máxima asignada a este criterio. Puntuación máxima 2 puntos.
- d) Persoas solicitantes cuxas explotacións teñan superficie, animais e/ou colmeas, no caso de non dispoñer de superficie, en zonas declaradas como **ZLN distinta de montaña**. A puntuación calcularase multiplicando a porcentaxe da superficie da explotación situada en ZLN distinta de montaña con respecto á totalidade da superficie da explotación, pola puntuación máxima asignada a este criterio. Puntuación máxima 1 punto

No caso de igualdade de puntos terán preferencia as persoas solicitantes con maior porcentaxe de superficie da explotación situada en Rede Natura 2000. No caso de empate na anterior porcentaxe terán preferencia as persoas solicitantes con maior porcentaxe de superficie da explotación situada en pastos ambientalmente sensibles. No caso de empate na anterior porcentaxe terán preferencia as persoas solicitantes con maior porcentaxe de superficie da explotación situada en ZLN de montaña.



A.11.- Período Principal de Cultivo (PPC): excepcionalidade contemplada para a subintervención 65051.02: Conservación de variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética para o cultivo de trigo “Callobre” e/ou “Caaveiro”.

Para o caso particular da intervención de conservación de variedades autóctonas en risco de erosión xenética, nas que a persoa beneficiaria declare nun recinto dous cultivos (principal e secundario), para que a aplicación de captura deixe vincular o trigo (*Callobre* ou *Caaveiro*) a devandita intervención, deberá declararse, excepcionalmente, como cultivo principal e a leguminosa como secundario, indicando as datas correctas de inicio e fin de cultivo de cada un dos cultivos tanto na aplicación SGA como no caderno de explotación.

---



## **B.- Intervencións ambientais e climáticas.**

### **B.1.- Compromisos medioambientais e climáticos.**

Os compromisos específicos para cada unha das intervencións/subintervencións medioambientais e climáticas, que se recollen de seguido, serán de aplicación EXCLUSIVA nas parcelas para as que foi aprobado o compromiso, NON afectando a totalidade da superficie da explotación

#### **B.1.1.- Compromisos agroambientais.**

##### **B.1.1.1.- Apicultura para a biodiversidade (65014.01)**

Con carácter previo á presentación da solicitude de axudas as persoas titulares de explotacións apícolas deben solicitar a alta da súa explotación no Rgeap. Para poder acceder a esta axuda as explotacións deben estar dadas de alta no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA) en concellos de Galicia clasificados como zonas con limitacións naturais.

Para os efectos de verificación deste requisito, os concellos que se terán en conta serán os correspondentes ás coordenadas xeográficas (lonxitude e latitude) onde estea localizado o asentamento.

Ademais, para ser primables, é necesario que as coordenadas de localización de cada alvariza coincidan (sendo a tolerancia para a validación das alvarizas 100 m en cada coordenada) coas que consten na base de datos oficial do REGA.

Os compromisos desta liña de axuda son os seguintes:

1.- Manter un mínimo de 80 colmeas en municipios de Galicia designados como zonas con limitacións naturais e distribuídas, polo menos, en 2 alvarizas cun mínimo de 20 colmeas por alvariza. Polo tanto,

- » Non se pagará por colmeas situadas en alvarizas en zonas non clasificadas como con limitacións naturais.
- » Non se pagará a axuda se as colmeas non están distribuídas en, alomenos, 2 alvarizas.
- » Non se pagará a axuda si non se mantén un mínimo de 80 colmeas **activas**.

2.- Manter como mínimo as colmeas comprometidas durante os 5 anos que dura o compromiso. A estes efectos consideraranse comprometidas e primables un máximo de 80 colmeas por alvariza.

- » Non se pagarán máis de 80 colmeas por alvariza (aínda que teña máis).

- » Manterase como mínimo as colmeas comprometidas. Non manter as colmeas comprometidas implicará unha penalización na axuda que poderá supoñer ata o 100% da mesma se o número de colmeas activas é inferior a 80.

**3.- A distancia entre alvarizas da mesma persoa beneficiaria será, polo menos, de 1 Km.**

- » Non se pagarán as colmeas de alvarizas situadas a unha distancia inferior a 1 km entre si, segundo as coordenadas de localización de cada alvariza declaradas na solicitude de pagamento que deberan de coincidir coas inscritas na base de datos oficial do REGA.

**B.1.1.2.- Compromisos agroambientais en superficies agrarias (65013).**

***B.1.1.2.a. Extensificación de prados (65013.04) .Extensificación de pastos arbustivos e arborizados (65013.05)***

Para acceder a esta liña de axudas as explotacións deben estar dadas de alta no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA) á data de fin de prazo de modificación da solicitude única e non aplicar lodos de depuradora na integridade da superficie da explotación.

Os **compromisos** desta liña de axuda son:

**1.- Dispor dunha superficie mínima de 5 hectáreas de superficie indemnizable.** Considerarase superficie indemnizable a superficie neta de pastos temporais e permanentes que non sexa de uso en común, agás no caso de Comunidades de Montes Veciñais en Mano Común titulares de explotación agraria,

**2.- A superficie dedicada a pastos temporais e/ou permanentes deberá supoñer polo menos o 70% da superficie total da explotación, debendo de manter esta porcentaxe durante todos os anos que dure o compromiso.** Non se computarán para o cálculo desta porcentaxe os recintos nos que se declaren cultivos forestais por non estar considerados como SAU da explotación

Para o cómputo desta porcentaxe, no ano inicial de compromiso teranse en conta exclusivamente os produtos 62 e 63. Nas anualidades seguintes, ademais dos anteriores, consideraranse produtos declarativos computables para a verificación deste porcentaxe os produtos incluídos no grupo de cultivo “*Herba ou outros forraxes herbáceos*” e en particular os seguintes:

<b>Código</b>	<b>Produto</b>
62	Pastos permanentes de 5 ou máis anos
63	Pastos de menos de 5 anos
68	Festuca
69	Raygrass perenne

70	Agrostis
71	Arrhenatherum
72	Dáctilo
73	Fleo
74	Poa
78	Raygrass anual
139	Herba cinta
140	Abaca Alias Manila
141	Kenaf
247	Cultivos mixtos de especies pratenses

### 3.- Non labrar, agás a renovación de pradarias que cumpran o ciclo produtivo.

As pradarias constitúen un gran sumidoiro de carbono dado que un menor laboreo do terreo favorece a estabilización da materia orgánica, un maior desenvolvemento radicular, unha maior biomasa residual e unha menor erosión, o que contribúe á sostibilidade ambiental destes sistemas de produción. Dado que o obxectivo desta intervención é fomentar a recuperación e a conservación das pradarias, se fora precisa a renovación das mesmas deberase establecer unha rotación adaptada as condicións locais, alternado especies vexetais que permitan a mobilización e aproveitamento dos nutrientes a maior profundidade e evitando sucesións de cultivos que teñan as mesmas necesidades nutricionais e os mesmos problemas fitopatolóxicos. Tralo cultivo elixido, e dado que a vocación do terreo é pasto, deberase instalar a nova pradaría que permanecerá no terreo alomenos tres anos.

### 4.- Fertilización exclusivamente orgánica.

Na normativa reguladora dos produtos fertilizantes (*Real Decreto 506/2013, de 28 de xuño*) se define como **abono orgánico**, *o produto que ten por función principal a de achegar nutrientes para as plantas, os cales proceden de materiais carbonados de orixe animal ou vexetal* e como **enmenda orgánica** *a procedente de materiais carbonados de orixe vexetal ou animal, utilizada para manter ou aumentar o contido en materia orgánica do chan, melloras as súas propiedades físicas e mellorar tamén as súas propiedades ou actividade química ou biolóxica.*

Segundo o anterior:

- » Para coñecer se un produto é válido para esta subintervención, deberá de consultarse o Rexistro de Produtos fertilizantes a través da seguinte ligazón:

<https://servicio.mapa.gob.es/regfertiwai/ConsultaFertilizante.aspx>

- » Serán válidos para o cumprimento dos compromisos establecidos para esta subintervención todos os fertilizantes inscritos no devandito rexistro que se atopen incluídos nos grupos 2 e 6 do Anexo I do Real Decreto 506/2013, de 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes.

- » A hora de seleccionar os fertilizantes daráselles prioridade absoluta aos fertilizantes naturais aproveitando ao máximo os xerados na propia explotación (esterco/purín). En xeral é recomendable aplicar produtos orgánicos estabilizados e hixienizados mediante un proceso de compostaxe ou similar, coa finalidade de reducir os posibles riscos derivados da aplicación de materias orgánicas “crudas”, como a inmovilización do nitróxeno, a liberación de compostos fitotóxicos, a presenza de microorganismos patóxenos, sementes de malas herbas, etc. Ademais, as enmendas e os abonos orgánicos deben presentar uns contidos de metais pesados inferiores ós máximos admisibles polas normativas vixentes.

**5.- Non aplicar herbicidas, agás nos casos autorizados pola autoridade competente.**

De forma xeral non está permitida a aplicación de herbicidas sobre a cuberta polos seus efectos sobre a biodiversidade, entre outras cuestións, sendo o laboreo mecánico a forma xeral de manexo das cubertas. Permitirase a súa aplicación, de forma excepcional, naqueles casos nos que a autoridade competente en materia de Sanidade Vexetal así o determine por razón da prevención, control ou erradicación de pragas.

**6.- Manter unha carga gandeira mínima de 0,4 UGM/ha e máxima de 2 UGM/ha.**

O cálculo da carga gandeira da explotación farase segundo o descrito no apartado A.6.

**B.1.1.2.b. Complemento a gandarías extensivas en zonas con presenza de grandes carnívoros.**

Poderán solicitarse as axudas recollidas nesta subintervención polas parcelas situadas nos concellos recollidos no anexo III e V da orde do 13 de decembro de 2022 *polo que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre* e que poden consultarse no enlace:

[https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod\\_resource/content/20/PEPAC%2023-27/fomento\\_de\\_pastos.html](https://formacion-fogga.xunta.gal/pluginfile.php/1801/mod_resource/content/20/PEPAC%2023-27/fomento_de_pastos.html)

A axuda estará limitada a **50 Ha** e só se considerarán elixibles as superficies de pastos (temporais/permanentes e/ou arbustivos/arbolados) que se atopen no concello no que se localiza a explotación e en concellos limítrofes.

Os **compromisos** desta liña de axuda son:

**1.- Cumprir os compromisos recollidos no apartado B.1.1.2.a. para as axudas a extensificación das explotacións gandeiras.**

**2.- Realizar pastoreo.**

Enténdese como pastoreo a práctica de manexo consistente en alimentar a dente ós animais da explotación. Esta esixencia debe ser unha práctica habitual nas explotacións beneficiarias, e polo tanto, o pastoreo **debe practicarse** en todas as parcelas da explotación comprometidas para esta subintervención e ó longo de todo o ano.

A efectos da verificación no campo do cumprimento de pastoreo, terase en conta a época do ano na que se realice o control. Nos meses máis cálidos de verán e nos máis fríos de inverno o pastoreo vai a estar limitado pola dispoñibilidade de pastos e polas inclemencias meteorolóxicas. Dita excepción ou observación, non exime do cumprimento do mesmo, que se verificará a través da folla 10 do caderno de explotación (CUE pastoreo extensivo) e as evidencias “*in situ*” de dita práctica. Considerarase unha evidencia “*in situ*” atoparse co ganado pastoreando no momento da visita aínda que tamén se poderá solicitar á persoa beneficiaria que conduza a todo ou parte do rabaño a unha parcela de pasto próxima a explotación, para que o persoa que realice a visita poda pronunciarse si é unha práctica habitual ou non no manexo da explotación. Tamén se considerarán para a verificación do compromiso, as evidencias de pastoreo recente nas parcelas visitadas (cercados, bebedeiros, dexeccións,...) e contrastaranse con elas, as anotacións máis recentes do caderno. Estas verificacións pódense completar comprobando a existencia de pastores eléctricos na explotación.

3.- Dispor dun mínimo de 15 UGM na explotación. O cálculo da carga gandeira da explotación farase segundo o descrito no apartado A.6.

4.- Dispor de sistemas de vixilancia e/ou coidado do gando ante o risco de interacción con grandes carnívoros. Estes sistemas deberán estar dispoñibles na data de fin de prazo de modificación da SU e durante todo o ano e manteranse durante todo o período de compromiso

En canto aos *dispositivos de xeolocalización*:

- » Comprobarase documentalmente que a explotación conta con dispositivos de xeolocalización, ben en compra ou en réxime de alugueiro, en alomenos o 20% dos animais da explotación, independentemente da idade do animal.
- » A factura xustificativa deberá conter información do número de dispositivos e, se é posible, o código REGA da explotación na que van ser instalados.
- » No caso de que se acollan á modalidade de alugueiro, o contrato deberá de conter información do número de dispositivos alugados e tempo de aluguer dos mesmos. A duración será como mínimo anual, renovable ata a finalización do compromiso ou ben directamente plurianual (5 anos).

Os *cans de garda*:

- » Contarán con alomenos dous cans de garda por explotación dalgunha das seguintes razas: mastín español, mastín do perineo e/ou can de palleiro.

- » Os animais deben estar inscritos no Rexistro Galego de identificación de animais de compañía (REGIAC) en estado de alta/modificado.
- » Quedarán excluídos os animais que se atopen no rexistro en estados distintos aos indicados e aqueles inscritos con datas anteriores ao 01/01/2010 por entender que se trata de animais de máis de 14 anos que xa alcanzaron a etapa sénior (en razas grandes alcánzase ao redor dos 8-10 anos). Este envellecemento leva consigo algúns trastornos dexenerativos e orgánicos asociados a idade, reducindo o seu rendemento de traballo.
- » Se a solicitude consta a nome dunha sociedade pero os animais son propiedade dun dos socios terán que presentar unha declaración na que se indique que o can traballa para esa sociedade e documentar a relación entre o dono do can e a sociedade.

#### B.1.1.3.- Cultivos sostibles leñosos (65012.07)

Os **compromisos** desta liña de axuda son os seguintes:

*1.- Non labrar a favor da pendente.* O laboreo segundo a liña de máxima pendente facilita o incremento e a velocidade da escorrentía, acelerando e aumentando o proceso erosivo, polo que non está permitida a súa utilización.

*2.- Non aplicar herbicidas, agás os casos autorizados pola autoridade competente.* De forma xeral non está permitida a aplicación de herbicidas sobre a cuberta polos seus efectos sobre a biodiversidade, entre outras cuestións, sendo o laboreo mecánico a forma xeral de manexo das cubertas. Permitirase a súa aplicación, de forma excepcional, naqueles casos nos que a autoridade competente en materia de Sanidade Vexetal así o determine por razón da prevención, control ou erradicación de pragas. Ademais

*Para o caso de cultivos de viñedo en pendentes >20% deberán de:*

- » Dispoñer dunha *superficie mínima* de 0,5 ha.
- » Só serán subvencionables os recintos situados en zonas con pendente > 20%
- » Os *muros, terrazas, bancais ou outros sistemas de protección da erosión* do solo, deberán de manterse en bo estado de conservación, evitándose aquelas labores que poidan afectar a súa estrutura e comprometan a súa conservación. Tampouco está permitido o uso de herbicidas para o seu mantemento.

*Para o caso de froiteiras (oliveira, maceira, castiñeiro) deberán de:*

- » Dispoñer dunha *superficie mínima* de 1 ha.
- » Manter unha *cuberta vexetal* (espontánea ou cultivada) que evite a exposición prolongada do solo as inclemencias meteorolóxicas e contribúa a minimizar os

efectos erosivos máis graves. A devandita cuberta vexetal controlarase a través de métodos mecánicos, promoverase na medida do posible a súa rexeneración e respectaranse zonas de reserva para a fauna.

- » *Non aplicar fitosanitarios* no cultivo agás os casos autorizados pola autoridade competente. Permitirase a súa aplicación, de forma *excepcional*, naqueles casos nos que a autoridade competente en materia de Sanidade Vexetal así o determine por razón da prevención, control ou erradicación de pragas.

#### B.1.1.4.-Economía circular. Pequenas explotación (65012.04)

Poderán acollerse a estas axudas as persoas agricultoras titulares de explotacións para a produción de cultivos de horta e froita inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA) a data de fin do prazo de modificación da solicitude única (no ano no que inicia o compromiso), na sección específica de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI) que realicen venda directa nas cantidades máximas indicadas no anexo II, do Decreto 125/2014, *polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final*, e que son as seguintes:

ANEXO II  
Cantidades máximas autorizadas en venda directa por produtor e ano

Produto	Unidade	Cantidade
Mel	kg	3.000
Pole	kg	450
Própole	kg	30
Xelea real	kg	10
Ovos	Ducias	1.000
Amorodo	kg exterior	5.000
	kg invernadoiro	10.000
Kiwi	kg exterior	13.000
Outras froitas	kg exterior	20.000
Hortalizas	kg exterior	20.000
	kg invernadoiro	40.000
Legumes	kg exterior	10.000
	kg invernadoiro	24.000
Pataca	kg exterior	20.000
Cogomelos	kg exterior	500
	kg invernadoiro	2.500
Cereais	kg	5.000

Ademais, a persoa titular da explotación debe estar dada de alta na Seguridade Social nas condicións establecidas no artigo 37 do Real decreto 1047/2022, a data fin do prazo de modificación da solicitude única ou a explotación debe xerar 1 UTA.

A dimensión mínima da explotación será de 0,5 ha e a máxima de 3 ha dos cultivos de horta e froita.

Os **compromisos** desta liña de axuda son os seguintes:

1.- Quedan prohibidas as queimas de restos de cultivos a excepción de queimas por motivos fitosanitarios.

2.- Efectuarase o compostaxe dos restos de cultivo.

3.- Non aplicar herbicidas, agás os casos autorizados pola autoridade competente. De forma xeral non está permitida a aplicación de herbicidas sobre a cuberta polos seus efectos sobre a biodiversidade, entre outras cuestións, sendo o laboreo mecánico a forma xeral de manexo das cubertas. Permitirase a súa aplicación, de forma excepcional, naqueles casos nos que a autoridade competente en materia de Sanidade Vexetal así o determine por razón da prevención, control ou erradicación de pragas.



### B.1.2.- Compromisos ecolóxicos. (6503)

Poderán ser beneficiarias desta axuda as persoas agricultoras (físicas, xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas) titulares dunha explotación inscrita nos rexistros de explotacións correspondentes, que cumpran as condicións de elegibilidade e se comprometan voluntariamente a respectar os compromisos específicos de cada subintervención, ademais de adoptar ou manter as prácticas e métodos de agricultura ecolóxica definidos no Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello sobre *producción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos*, así como as técnicas específicas sobre produción ecolóxica.

É un requisito de admisibilidade que a persoa solicitante este inscrita no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) cunha solicitude de inscrición presentada **antes do 1 de xaneiro** do ano no que se abra unha nova convocatoria de inicio de compromisos.

O CRAEGA remitirá ao Fogga información en formato dixital das unidades (parcelas) e das persoas inscritas a data de fin de prazo de modificación da solicitude única. No caso dos apiarios, a información será remitida cando o CRAEGA remate o período de visitas establecido para a campaña. A dita información virá acompañada dun **certificado de veracidade da información** segundo o modelo seguinte:

**Certificación da veracidade dos datos recollidos no ficheiro informático  
que debe remitir o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia  
(CRAEGA)**

....., con NIF .....,  
actuando en representación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) como organismo que dispón de autoridade única de control no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de produción ecolóxica e no ámbito das súas funcións,

**Certifica:**

- Que no ficheiro denominado ..... se inclúe unha relación de ..... persoas solicitantes da intervención 6503.- *Compromisos agroambientais en agricultura ecolóxica*, incluída na sección 4º, do capítulo III, da orde do 15 de marzo de 2023, pola que se regula a *aplicación dos pagos directos á agricultura e a gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao SIX*.
- Que as explotacións relacionadas no mesmo figuran **inscritas** no rexistro de operadores ecolóxicos, habendo presentado a solicitude de inscrición con anterioridade o **1 de xaneiro de 2023**. As ditas explotacións **empregan** técnicas de produción ecolóxica de acordo co establecido no **Regulamento (UE) 2018/848** do Parlamento Europeo e do Consello.
- Que a data de..... a relación de recintos, produtos, superficies, etc. segundo os arquivos do CRAEGA, é o que se recolle no antedito ficheiro informático.
- Que no ficheiro denominado ..... o número **total de recintos certificados** é de..... e a **superficie total certificada** é de..... ha.

..., ... de ... de 2023

Sinatura

Para a xestión destas axudas existirá un intercambio continuo de información entre o SAC, o CRAEGA e AGACAL, especialmente no relativo a comunicación dos

resultados das auditorías de seguimento que supoñan incumprimentos ou suspensións por terse detectado prácticas que van en contra do Regulamento (UE) 2018/848. Estes intercambios se realizarán normalmente vía correo electrónico aínda que tamén poderán realizarse notificacións, certificacións ou informes complementarios por escrito.

As subintervencións incluídas neste apartado son as seguintes:

- » Conversión e mantemento de **cultivos agrícolas** ecolóxicos (65030.17 e 65030.18).
- » Conversión e mantemento de **viñedo** ecolóxico (65030.19 e 65030.20)
- » Conversión e mantemento de **gandaría** ecolóxica (65030.21 e 65030.22)
- » Conversión e mantemento de **apicultura** ecolóxica (65030.23 e 65030.24)

O período de conversión terá unha duración máxima de dous anos en cultivos anuais e de tres anos en cultivos permanentes. No caso de abellas, o período de conversión terá unha duración máxima de doce meses e só poderán recibir as axudas de conversión as persoas beneficiarias con unidades de produción, cando o período de conversión remate **despois do 1 de xullo** da campaña de referencia.

Os **compromisos comúns** a todas estas subintervencións son:

**1.- Empregar os métodos de produción ecolóxica durante todo o ano natural e obter a certificación da produción agraria como ecolóxica, de acordo co Regulamento.**

Verificarase o cumprimento durante todo o ano da seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento 2018/848, do Parlamento Europeo e o Consello, de 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello.
- Normas Técnicas do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA).

Verificarase que durante o ano natural da solicitude (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) a persoa beneficiaria dispoña da certificación para expedir a súa produción como Ecolóxica (que non estea suspendido ou cause baixa no CRAEGA).

Non ter esta acreditación implicará unha penalización do 100% da axuda.

**2.- Manter a superficie comprometida durante os anos que dure o compromiso.**

O número de has ás que se aplicará un compromiso poderá reducirse como máximo nun 10%. Unha redución maior do 20% implicará unha penalización do 100% na axuda.

Non obstante, os **compromisos adquiridos** son **sobre parcelas fixas**, o que implicará o mantemento das técnicas de agricultura ecolóxica en todas e cada unha delas ó longo dos seguintes anos. De non haber unha continuidade na aplicación

destas técnicas, poñería en risco os obxectivos e principios ecolóxicos (Capítulo II do Regulamento (UE) 2018/848).

#### B.1.2.1.- Conversión e mantemento de gandería ecolóxica (65030.21 e 65030.22)

Ademais dos compromisos comúns recollidos no apartado anterior, a persoa beneficiaria estará obrigada a *manter unha carga gandeira da explotación maior o igual a 0,4 UGM/ha*. O cálculo da carga gandeira da explotación farase segundo o descrito no apartado A.4.

O Regulamento (UE) 2018/848, establece que a carga gandeira total non pode superar o límite de **170 Kg de nitróxeno orgánico o ano por hectárea de superficie agrícola**. O concepto de UGM pode aproximarse á carga de nutrientes que as dexeccións aplicadas sobre o terreo supoñen.

Para determinar a carga gandeira adecuada a que fai referencia o parágrafo anterior a autoridade competente fixou o número de unidades de gando equivalentes a ese límite. A Axencia Galega de Calidade Alimentaria, como autoridade competente en materia de produción ecolóxica, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, resolveu aprobar as **unidades de gando equivalentes** que se poden empregar por hectárea nas explotacións ecolóxicas galegas para non superar o límite establecido no regulamento nas seguintes:

ESPECIE	CARACTERÍSTICAS	Unidades de gando equivalentes
BOVINOS	De menos de 1 ano.	0,400
	De un ano a menos de dous anos.	0,700
	Machos, de dous anos ou máis.	1,000
	Novelas, de dous anos ou máis.	0,800
	Vacas de aptitude láctea, de dous anos ou máis.	1,000
	Outras vacas, de dous anos ou máis.	0,800
OUTROS	Ovinos e cabrúns	0,100
	Equinos.	0,800
	Porcinos	Leitóns > 20 Kg de peso vivo. 0,027
		Porcas de cría > 50 Kg. 0,500
	Outros porcinos.	0,300
AVES POSTA		230 ud/UGM
POLIÑAS		580 ud/ UGM
AVES DE ENGORDE		580 ud/ UGM
COELLAS NAIS		100 ud/ UGM
COELLOS ENGORDE		100 ud/ UGM

En cuanto as parcelas, deberán estar inscritas no CRAEGA e soamente se terá en conta a superficie neta de pastos que non sexa de uso en común e que estea situada no concello da explotación ou en concellos limítrofes.

#### B.1.2.2.- Conversión e mantemento de apicultura ecolóxica (65030.23 e 65030.24)

Ademais dos compromisos comúns, recollidos no apartado anterior:

##### 1.- Manteranse as colmeas comprometidas (mínimo 80), durante os anos que dura o compromiso.

- » Non se pagarán máis de 80 colmeas por alvariza.
- » Manteranse como mínimo as colmeas comprometidas.
- » As alvarizas deben figurar correctamente inscritas no Rexistro apícola (A tolerancia para a validación das alvarizas é de 100 m en cada coordenada) para que sexan validadas.
- » As coordenadas dun asentamento validado deben coincidir no recinto e parcela certificada polo CRAEGA para considerarse primables ou susceptibles de pago.

##### 2.- Se hai varias alvarizas, a distancia entre elas será, como mínimo, de 1 Km.

- » As alvarizas que incumpran este compromiso nunca van ter colmeas primables nin se considerarán comprometidas a efectos de primeiro ano de solicitude.
- » No caso de incumprimento de distancias no segundo ano e seguintes, aplicaráselle unha penalización do 5%.

#### B.1.3.- Compromisos de conservación de recursos xenéticos (65051).

A erosión xenética é o proceso de perda de variedades e razas das especies domésticas e silvestres que afecta tanto aos animais como as plantas. Trátase dun proceso continuo e xeneralizado a nivel mundial que implica a perda, de forma irreversible, da diversidade xenética. Por todo isto, e a vista da importancia que ten a conservación das variedades en risco de erosión xenética para o mantemento da biodiversidade e a adaptación e mitigación dos efectos do cambio climático, se programou esta intervención cuxo obxectivo principal é o fomento e a conservación de razas e variedades vexetais ameazadas.

##### B.1.3.1.- Razas autóctonas en risco de erosión xenética (65051.01)

Poderán ser persoas beneficiarias desta axuda as persoas físicas, xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, titulares dunha explotación inscrita no REGA que cumpran os requisitos de elegibilidade e os seguintes **compromisos**:

##### 1.- Dispoñer dun mínimo de 5 UGM primables de unha ou varias das razas autóctonas en risco de erosión de bovino (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa) e equino (cabalo de pura raza galega) e/ou 2,5 UGM primables de unha ou varias das razas autóctonas en risco de erosión distintas de bovino e equino (ovella galega,

cabra galega, porco celta e galiña de Mos). Estas UGM deberán de manterse durante os 5 anos que dura o compromiso.

Para o calculo das UGM terase en conta a seguinte conversión:

- » Equinos > 6 meses = 1,0 UGM.
- » Bovinos > 2 anos = 1,0 UGM.
- » Bovinos de 6 meses a 2 anos = 0,6 UGM.
- » Bovinos < 6 meses = 0,4 UGM.
- » Ovinos e cabrúns = 0,15 UGM.
- » Porcas de cría > 50 Kg = 0,5 UGM
- » Outros porcos = 0,3 UGM
- » Galiñas poñedoras = 0,014 UGM

2.- Participar no programa de mellora xenética da raza

3.- Os animais deberán de estar inscritos no libro oficial do rexistro xenealóxico da raza.

Os compromisos 2 e 3 serán acreditados e documentados polas asociacións de criadores xestoras oficiais do libro xenealóxico, a través dun ficheiro informático que virá acompañado dun certificado de veracidade da información segundo o modelo:

**Certificación da veracidade dos datos recollidos no ficheiro informático  
que deben remitir as asociacións de criadores xestoras oficiais  
do libro xenealóxico da raza**

....., con NIF .....,  
actuando en representación de ....., con NIF....., e enderezo  
en ....., organización xestora oficial do "Libro  
xenealóxico da raza .....segundo Decreto 149/2011, de 7 de xullo, polo que se  
establece o catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia, se regula o  
recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia (Diario  
Oficial de Galicia 141 do 22 de xullo de 2011).

**Certifica:**

- Que no ficheiro denominado ..... se inclúe unha relación de ..... persoas solicitantes da subintervención 65051.01: *razas gandeiras autóctonas en risco de erosión xenética*.
- Que, as explotacións relacionadas no mesmo figuran **inscritas** no Libro Xenealóxico da raza ..... e **participan** no programa de mellora xenética.
- Que a data de..... o censo de animais, segundo os arquivos do Libro Xenealóxico, é o que se recolle no antedito ficheiro informático.

..., ... de ... de 202X

Sinatura

### B.1.3.2.- Conservación de variedades en risco de erosión xenética (65051.02)

Poderán ser persoas beneficiarias desta axuda as persoas físicas, xurídicas ou grupos de persoas físicas ou xurídicas, titulares dunha explotación inscrita no REAGA que cumpran os requisitos de elexibilidade e os seguintes **compromisos**:

1.- Dispoñer dunha superficie mínima de 2 ha de trigo autóctono en risco de erosión xenética das variedades Callobre ou Caaveiro. A superficie inicialmente comprometida deberá de manterse durante os 5 anos que dura o compromiso.

2.- Emprego de semente rexistrada, que deberá acreditar mediante factura na que se recolla unha indicación á variedade. Está permitido o reemprego de semente da propia explotación durante un máximo de 2 anos.

Para a xestión desta axuda existe un acordo de colaboración entre o Fogga e o AGACAL asinado o 3 de abril de 2023, que establece na súa cláusula segunda:

*“O AGACAL comprométese a desenvolver as seguintes accións:*

- » Elaborar, anualmente, un plan de controis específico cunha mostra do 1% (dos cales entre 20% e 25% deben ser seleccionados aleatoriamente) das solicitudes.
- » Comprobar en campo os RQNM desta liña da axudas e realizar a acta de control antes do 1 de outubro de cada ano”.

### C.- Causas de forza maior ou circunstancia excepcional.

Se considerarán causas de forza maior e circunstancias excepcionais as previstas no artigo 1105 do Código Civil e as do artigo 3 do Regulamento (UE) nº 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello, de 2 decembro de 2021, sobre a financiación, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derroga os Regulamentos (UE) nº 1306/2013, e que son as seguintes :

- » *Falecemento* da persoa beneficiaria.
- » *Incapacidade* laboral de longa duración da persoa beneficiaria.
- » *Catástrofe natural grave* ou *fenómeno* climatolóxico adverso asimilable a catástrofe natural que afectara seriamente as terras agrarias da explotación.
- » *Destrución accidental* dos locais gandeiros da explotación.
- » *Epizootia*, recoñecida pola autoridade competente, que afectara a unha parte ou á totalidade do gando da explotación da persoa beneficiaria.
- » *Plaga* ou *enfermidade vexetal* causada por microorganismos patoxénicos ou factores ambientais, recoñecida pola autoridade competente, que afectara a unha parte ou á totalidade dos cultivos da explotación da persoa beneficiaria.
- » *Expropiación* da totalidade ou dunha parte importante da explotación, se esta expropiación non era previsible o día no que se presentou a solicitude de axuda.
- » A perda da produción nunha parte ou na totalidade do cultivo ou do rabaño por danos producidos pola *fauna silvestre*, recoñecidos pola autoridade competente.

A persoa beneficiaria deberá comunicar electronicamente ó Fogga os casos de forza maior ou as circunstancias excepcionais, achegando as probas pertinentes, conforme aos medios admitidos en Dereito, dentro dos **quinze días hábiles seguintes á data en que se produciran**. No caso de que pola súa natureza sexa imposible a devandita comunicación, deberá realizarse na data na que a persoa beneficiaria ou o seu representante estean en condicións de facelo.

Cando a persoa beneficiaria non puidera cumprir o compromiso por motivos de forza maior ou circunstancias excepcionais, o pago correspondente **retírase proporcionalmente** para os anos nos que se producise o caso de forza maior ou a circunstancia excepcional. A retirada afectará só as partes do compromiso para as que non se producisen os custos adicionais ou o lucro cesante antes de que ocorrese a forza maior ou as circunstancias excepcionais.

## D.- Erros manifestos

Cando na solicitude das axudas non figuren marcados os campos de entidade e/ou curso de formación entenderase dita ausencia como un **erro manifesto** da solicitude.

- » Se non existe ningunha marca, matricularase a persoa solicitante no curso de formación específica, comunicándolle os datos de usuario e contrasinal para que poda acceder ao contido do mesmo.
- » Se non existe ningunha marca pero a persoa solicitante aparece no listado de asesorados, remitido pola entidade de asesoramento, poñerase dita circunstancia en coñecemento da persoa afectada para que proceda a subsanación do erro subindo o portal de SGA un documento no que admita que se esqueceu de gravar a entidade de asesoramento na súa SU (documento SGA 1633).
- » Se existise unha discrepancia entre a entidade da SU e a que aparece no Anexo V, a persoa solicitante procederá a emendala da mesma forma que a recollida no apartado anterior.
- » Se se produce un cambio de entidade a metade de campaña, se verificará que percibe un servizo continuado durante todo o ano. A persoa solicitante deberá de indicar a data de baixa e a de alta na nova entidade. Dita información deberá de ser ratificada polas entidades de asesoramento afectadas.

En cambio **non se considerará un erro manifesto** cando na solicitude de axudas non figuren marcas nos recintos ligados a una liña de axudas. Isto dará lugar a que non se considerarán ós mesmos como superficie indemnizable.

No caso dunha solicitude cuxas marcas nos recintos ligados a unha liña de axuda dean lugar a que a superficie comprometida caia por debaixo da superficie mínima admisible para a liña solicitada, procederase á DENEGACIÓN da mesma.



## E.- Penalizacións

Procederá aplicar penalizacións nos supostos de incumprimento dos requisitos de subvencionalidade, compromisos e/ou outras obrigas as que se refire o artigo 9 da Lei 30/2022, de 23 de decembro:

- » No caso que se determine que a persoa beneficiaria facilitou **datos ou información incorrecta de forma intencionada** co obxecto de recibir a axuda.
- » No caso de **resistencia, obstrución ou negativa** ás actuacións do control.
- » No caso de que se **incumpran os requisitos e obrigas**, incluídos os aspectos medioambientais, esixidos para o acceso a unha axuda da PAC ou que non se facilite por negligencia á información necesaria para a súa xestión.
- » Ademais do anterior, segundo o disposto no artigo 9.4 da Lei 30/2022, poderase retirar ata a totalidade da axuda aboada en todo o período, incluíndo a obriga de reintegro das cantidades percibidas, se non se cumpren os **criterios de admisibilidade ou os compromisos e obrigas** establecidos para cada réxime de axuda de acordo a debida proporcionalidade.

A determinación das penalizacións por incumprir os requisitos de subvencionalidade, compromisos e/ou outras obrigas se realizará de conformidade co previsto no anexo I do RD 147/2023, previa clasificación dos mesmos en: excluínte, básico, principal, secundario e terciario. Mediante a orde do 12 de febreiro de 2025, *pola que se definen as penalizacións por incumprimento de requisitos de admisibilidade e compromisos das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas, das obrigas da condicionalidade reforzada do PEPAC, e pola que se establecen os organismos de control da condicionalidade reforzada*, publicáronse as penalizacións que serán de aplicación na xestión destas axudas.

Os supostos nos que non se aplicarán as penalizacións son os establecidos no artigo 5 do Real Decreto 147/2023, recollido no punto 6 da *Circular de coordinación 27/2024* sobre “Criterios para a aplicación de penalizacións nas intervencións de desenvolvemento rural establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2023/2027, que se pode consultar no seguinte enlace, e que se inclúe como anexo a este documento.

<https://www.fega.gob.es/es/noticias/node-15767#:~:text=Esta%20Circular%20tiene%20por%20objeto,la%20legislaci%C3%B3n%20nacional%20y%20auton%C3%B3mica.>